

## Datos estadísticos básicos de Galicia. 2007

### COMUNICADO

## A ECONOMÍA GALEGA MEDRA E CREA EMPREGO A BO RITMO


En 2006 o PIB da economía galega incrementouse nun 4,1% respecto ao ano anterior, superando en dúas décimas ao da media española. Esta importante expansión da produción galega trouxo consigo un crecemento no emprego do 3,1%, acadando algo máis dun millón cen mil postos de traballo equivalentes a tempo completo. Entre os sectores económicos con mellor comportamento destacan os da industria e o da construción, cun crecemento do 5,0% e o 4,3% respectivamente.

O PIB per cápita a prezos correntes no 2006 foi en Galicia de 18.708 euros.

### A cifra de poboación mantense estable mentres o índice de envellecemento crece.

O día 1 de xaneiro do 2006, os 2.767.524 habitantes galegos repártense de forma bastante desequilibrada polo territorio debido á dispersión dos núcleos de poboación e á importante concentración na zona costeira occidental.

Densidade de poboación. Ano 2006. Habitantes/Km<sup>2</sup>




Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes.

A porcentaxe de persoas con máis de 64 anos por cada mozo menor de 20, pasou de 82,9 no ano 1996 a 133,5 no ano 2006.

A poboación estranxeira, que se concentra na súa maior parte nas cidades, segue aumentando significativamente de xeito que case se cuadriplica no período 1998-2006.

Evolución da poboación estranxeira. 1998-2006



Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes

### **O ingreso medio mensual do fogar galego aumenta en 90 euros no 2006.**

O ingreso medio mensual do fogar galego situouse en 1.793 euros, o que supón un crecemento do 5,3% respecto ao 2005. Os ingresos máis grandes danse nas provincias da Coruña (1.881€) e de Pontevedra (1.870€) fronte os máis baixos de Lugo (1.668€) e Ourense (1.470€).

Non obstante, un 64% dos fogares galegos manifestan ter dificultade ou moita dificultade para chegar a fin de mes.

### **Os incendios queimaron en Galicia, no ano 2006, cerca de 94.000 hectáreas.**

O lume cebouse especialmente coas provincias atlánticas, nas que a superficie queimada constitúe o 80,5% do total da superficie incendiada en Galicia.

A provincia mais afectada foi Pontevedra na que se queimaron 39.699 hectáreas, seguida pola da Coruña con case 35.900 hectáreas.

### **Séguese a perder alumnos nas aulas galegas.**

En Galicia no curso 2006/2007 descendeu en 3.056 o número de alumnos non universitarios. Mantense así a tónica dos cursos anteriores nos que se aprecia un descenso continuado en case todas as especialidades excepto nas de educación infantil e de adultos.

O número de alumnos matriculados nas universidades galegas no curso 2006/2007 foi de 4.334 menos que no curso anterior, o que representa unha baixada do 5,7%.

### **As explotacións agrarias aumentaron en superficie e tamén en número de animais.**

As explotacións galegas creceron en superficie agraria utilizada, pasando de 5,4 hectáreas por explotación no ano 1997 a 7,98 hectáreas por explotación no ano 2005.

As explotacións, ao igual que os animais, concéntranse nas provincias de Lugo e da Coruña. No ano 2005 existen en Lugo unha cifra aproximada de 23 bovinos por explotación, na Coruña e Ourense arredor dos 16, mentres Pontevedra só chega aos 8.

### **No ano 2006 o valor das vendas nas lonxas de Galicia aumentou nun 4,89% respecto ao 2005.**

Por grupos de especies o mais importante segue a ser o dos peixes con máis dun 71% do valor das vendas totais. Observando a evolución das vendas de peixe dende o ano 2001, pode apreciarse que tras a caída das vendas ata o 2003, prodúcese a partir do 2004 unha recuperación que se traduce nunha subida que dura ata o 2006.

### **Nos aeroportos galegos aumentou o número de viaxeiros e tamén se incrementou a capacidade hoteleira ofertada.**

O crecemento do número de viaxeiros nos aeroportos galegos foi dun 10,61% no ano 2006 respecto ao ano anterior. Santiago segue a ser durante o 2006 o aeroporto galego con maior número de viaxeiros, case duplicando ao da Coruña que –non obstante– foi o que experimentou o maior aumento.

As prazas ofertadas nos establecementos hoteleiros galegos aumentaron lixeiramente no 2006 a pesar de que estes diminuíron en 16 respecto ao 2005. Así mesmo, aumentou o número de viaxeiros entrados un 2,06% no 2006 con respecto ao 2005 e tamén o número de pernoitas, cun incremento dun 2,24%.

**O orzamento consolidado para o ano 2007 supón un 8,8% máis que a previsión inicial para o exercicio anterior.**

Dos 10.786 millóns de euros de previsión de ingresos consolidados para o 2007 un dos maiores incrementos deuse no capítulo das transferencias correntes, que se incrementou nun 10,8% respecto ao 2006 e que no ano 2007 supón case a metade do total de ingresos.

Respecto aos gastos a meirande parte (60,58%) destínase a xestión directa (gastos de persoal, de funcionamento, financeiros e investimentos).

**Sigue crescendo significativamente o gasto interno de Galicia en I+D.**

Dende o ano 1995 ata o 2005 triplicouse en Galicia o gasto en I+D. Non obstante a porcentaxe deste gasto sobre o PIB é inferior á española e á europea dos 25.

O sector empresarial e o do ensino superior repártense, no 2005, a maior parte destes gastos cun 41% e un 43% do total, respectivamente.

**Subida leve do IPC en Galicia no ano 2006.**

Aínda que os prezos subiron en decembro do 2006 respecto ao ano anterior, a inflación en Galicia situouse nun 2,6%, que supón o valor máis baixo dende o ano 2003.

Obsérvase un aumento moi destacado no prezo da pataca (30,9%) e algo menos forte noutros produtos alimenticios como a carne de vacún (9,5%) e a de ave (6,7%). A carne de ovino, os aceites e graxas e o azucre son os produtos que máis baixaron.

**Recuperación do saldo comercial de Galicia co estranxeiro.**

Tras o mínimo acadado no 2005, o saldo comercial de Galiza co estranxeiro experimentou un lixeiro aumento no 2006. De todos os xeitos dende o ano 2003 seguimos a importar máis do que exportamos.

Os países fronteirizos coa península protagonizan os maiores intercambios comerciais con Galicia seguidos de Italia.

**Importante crecemento do uso das novas tecnoloxías.**

No ano 2005 o 37,48% dos galegos utilizaron o ordenador o que supón un incremento en máis de oito puntos porcentuais en tres anos, xa que no ano 2002 esta porcentaxe non chegaba ao 29%.

A utilización de Internet tamén experimentou un forte crecemento nos últimos anos. Así, en 2005, o 27,29% da poboación galega utilizou esta ferramenta.

---

Para máis información:

**Datos estadísticos básicos de Galicia. 2007**

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/catalogo/peticioninfo.jsp?idioma=ga>  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.eu>